

Memoria de dirección

IES de Mugardos

Curso 2017 -2018



ÍNDICE:

1. Obxectivos PXA
2. Resultados académicos
3. Rexistro de actividades
4. Xefatura de Estudos
5. Vicedirección

O curso 2017-2018 transcorreu con normalidade. Producíronse, con todo, incidentes e incidencias de falta convivencia académica dos que se dará conta no informe de Xefatura de Estudos.

Por outra banda, os resultados académicos foron en xeral avaliados como mellorables, aínda que será necesario agardar á convocatoria de setembro para cuantificalos en toda a súa medida.

Con todas as súas limitacións, o Programa de Reforzo, Orientación e Apoio obrou efecto beneficioso no grupo de alumnos e alumnas que asistiron regularmente. Do mesmo xeito, desexamos salientar a incidencia positiva do Programa de Cualificación de Linguas Estranxeiras (CUALE) na preparación do alumnado para as probas de certificación A2 e B1.

Tamén foi un curso que salientou pola cantidade de actividades complementarias e extraescolares. Como en anos anteriores, os datos están dispoñibles no informe de vicedirección. O proxecto de centro sobre o 50 aniversario de Maíos do 68 foi avaliado positivamente polo claustro de profesores. Ademais, por primeira vez desde hai bastantes cursos, recuperouse unha actividade conxunta de convivencia (Edusolidariedade á mugardesa) na que participamos todos os centros educativos do concello de Mugardos e boa parte da organización recaeu sobre o instituto.

1. Obxectivos PXA

OBXECTIVO 1 Mellora xeral dos resultados académicos.

OBXECTIVO 2 Implantación do ciclo de Formación Profesional Básica “*Agroxardinaria e composicións florais*”.

OBXECTIVO 3 Incorporación ao proxecto E-dixgal: introdución do libro dixital (1.º e 2.º ESO).

OBXECTIVO 4 Mantemento do edificio e instalacións.

OBXECTIVO 5 Proxecto de centro centrado na conmemoración do 50 aniversario de maio do 68: “*Revolución e utopía*”.

Obxectivo 1. Mellora dos resultados académicos

Aplicáronse as medidas recollidas no plan de mellora sobre as que seguiremos insistindo nos vindeiros cursos para acadarmos o obxectivo de superar no curso 2020-2021 a media interanual de promoción do 90% na ESO e do 80% no bacharelato.

Organización de centro	Encargado	Temporalización
<ul style="list-style-type: none">Planificación de calendarios trimestrais de exames finais.	Xefatura de Estudos Titorías	Principio de curso. Comezo de cada trimestre.
<ul style="list-style-type: none">Fortalecer as medidas de atención á diversidade: Reforzos, exención de 2.º lingua estranxeira, desdobres, adaptacións curriculares, PROA...	Orientación Xefatura de Estudos Profesores	Curso
<ul style="list-style-type: none">Aplicar o Plan de Convivencia e mais o Plan de Acción Titorial para reducir todo o posible conflictividade, principalmente nos cursos iniciais da ESO.	Xefatura de Estudos Orientación Titorías Xunta de Delegados/as	Curso

Metodoloxía docente	Encargado	Temporalización
<ul style="list-style-type: none">Reflexión e cambios nos criterios de cualificación: potenciar a avaliación do traballo na aula.	Departamentos	Principio de curso: programación
<ul style="list-style-type: none">Traballo por proxectos e avaliación de competencias clave	Profesores	Un proxecto por trimestre. Proxecto de centro
<ul style="list-style-type: none">Formación do profesorado: xestión de aula, convivencia e atención á diversidade	Profesores Plan de Formación Permanente do Profesorado	Curso

Colaboración coas familias	Encargado	Temporalización
<ul style="list-style-type: none">Potenciar a comunicación:<ul style="list-style-type: none">- Presencial: horario de atención a pais e nais.- Dixital: lista de correo, Abalar-móviles, páxina web...	Titorías Profesores Xefatura de Estudos	Curso

Obxectivo 2 Implantación do ciclo de Formación Profesional Básica “*Agroxardinaría e composicións florais*”.

As principais dificultades neste primeiro curso foron:

- Configuración da matrícula.
- Faltas de asistencia do alumnado.
- Convivencia e disciplina na aula.
- Estabilidade do profesorado: debido á solicitude de baixa da titular e a baixa da

substituta, chegamos a contar con tres docentes con cambios e momentos decisivos do curso.

- Infraestrutura e material.

Obxectivo 3 Incorporación ao proxecto E-dixgal: introdución do libro dixital (1º. e 2.º ESO)

A impresión final foi satisfactoria e as expectativas para os vindeiros cursos son boas, malia as dificultades do primeiro ano. A principal queixa consistiu na demora ata finais de xaneiro de entrega do novo equipamento. Tamén será necesario aumentar a participación e utilización por parte do profesorado.

A existencia dunha liña do PFPP centrado neste asunto axudou a levar adiante a implantación do programa. Realizáronse as actividades de formación dirixidas ao profesorado e tamén unha charla informativa para as familias.

Obxectivo 4 Mantemento do edificio instalacións



As principais obras que estaban presupostadas para este curso (arranxo de fachadas) ficou adiada debido aos imprevistos xurdidos ao longo do curso:

- Reparación da caldeira co recambio dos tres motores do equipo de bombeo do gasóleo.
- Inspección da estación de transformación eléctrica con importantes reparacións presupostadas e aínda non acometidas.


Obxectivo 5 Proxecto de centro centrado na conmemoración do 50 aniversario de maio do 68: “Revolución e utopía”

O resultado deste proxecto foi avaliado positivamente polo claustro. Realizáronse numerosas actividades, principalmente impulsadas polo equipo da biblioteca e o EDL.

2. Resultados académicos




3.º ESO




	1ª aval	2ª aval	Ord
Suspenden mais de 3	13	13	10
Suspenden 3	0	2	3
Suspenden 1 ou 2	0	1	1
Aproban todo	13	10	12

4.º ESO




	1ª aval	2ª aval	Ord
Suspenden mais de 3	7	7	4
Suspenden 3	3	2	1
Suspenden 1 ou 2	7	7	6
Aproban todo	7	7	12

1.º BAC - A




1.º BAC - B




■ Suspenden más de 3	11	11	7	7	5	2
■ Suspenden 3	2	3	3	2	3	0
■ Suspenden 1 ou 2	5	3	4	5	6	7
■ Aprobam todo	5	3	6	12	12	17

2.º BAC - A




2.º BAC - B



■ Suspenden más de 3	11	11	7	7	5	2
■ Suspenden 3	2	3	3	2	3	0
■ Suspenden 1 ou 2	5	3	4	5	6	7
■ Aprobam todo	5	3	6	12	12	17

Educación Secundaria de Adultos

Ordinaria Xuño-ESA 4- Curso 2017/18



	Ámbito social M4	Ámbito da comunicación M4	Ámbito científico tecnolóxico M4
Promocionan	10	7	8
Non promocionan	2	4	2
Matriculados	12	11	10
% Aprobados	83,33%	63,64%	80,00%



Proba de acceso á universidade. Bacharelato

Curso 2017-18. Convocatoria ordinaria

Centro: 142 - IES de Mugar dos - Mugar dos

Comisión delegada: 11 - Escola Universitaria Politécnica - Ferrol

		ABAU			Bach	Parte xeral
		Present.	Aptos	% aptos	Cualif. media	Cualif. media
Matrícula	Ordinario	25	24	96%	7,38	5,526
	Adultos	0				
Modalidade bacharelato	Artes					
	Ciencias	5	5	100%	8,29	6,590
	Ciencias Sociais	18	17	94%	7,14	5,172
	Humanidades	2	2	100%	7,22	6,050
Sexo	Homes	10	9	90%	7,41	5,525
	Mulleres	15	15	100%	7,36	5,527
Total		25	24	96%	7,38	5,526
Bacharelato convocatorias anteriores		3	2	67%		

3. Rexistro de actividades

CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

- Mantemento dos prezos de axuda ao transporte nas saídas escolares (3 euros/medio día; 5 euros/día).
- Educación de Adultos: ESA III-IV
- Bacharelato: bolsas de estudo
- ESO: Fondo solidario, axudas
- ANPA: Axudas ao transporte nas saídas escolares.

Banco de Libros ANPA.

- Concellos: Axudas para o ensino e o transporte do Concellod e Mugardos

Comedor escolar municipal

INSTALACIÓNS E DOTACIÓN MATERIAL

- Xardín: servizo de mantemento e limpeza.
- TIC: ampliación da banda larga e nova rede wi-fi.
- Biblioteca: cableado de internet.
- Almacén de actividades agrarias.
- Invernadoiro e instalación dos servizos de auga e luz.
- Contador do subministro de auga.
- Reparacións da caldeira e motores auxiliares.

OFERTA EDUCATIVA

- Implantación de FP Básica.
- Dous grupos CUALE.
- Dúas seccións bilingües.

ALUMNADO

- Matrículas de honra 2.º bacharelato:

Fátima Cancela e Marcos Varela

PROFESORADO

- PIALE: Carmen Meiriño en Ottawa (Canadá)
- ERASMUS +: Profesoras Covadonga Rodríguez-Moldes, Pilar Calvo e Luz Pardo viaxaron a Romanía.
- PFPP

CENTRO

- Contratos-Programa: PROA e Igualdade
- Proxecta: Proxecto Deportivo de Centro
- Plan de mellora da biblioteca e clubs de lectura

4. MEMORIA FINAL DA XEFATURA DE ESTUDOS

CURSO 2017-2018

INTRODUCCIÓN

No presente curso 2017-2018 que vimos de rematar, a Xefatura de Estudos vai expoñer nesta memoria final diferentes cuestións que se foron desenvolvendo. O primeiro salientable foi o nomeamento dun novo Xefe de Estudos nos mes de Xullo de 2017, David Martínez Millán que veu a substituir a Luz Pardo Orosa, quen desempeñaba o citado cargo dende o curso 2014-2015.

Nese mes de Xullo, a anterior Xefa de Estudos puxo ao corrente de todo ao presente Xefe de Estudos, facilitando a incorporación ás novas tarefas.

A Xefatura de Estudos nese mes de actividade administrativa e non lectiva, participou na elaboración do calendario de exames da convocatoria extraordinaria de Setembro. Ademais nesta citada convocatoria tivemos que axustar todos os exames en dous días, debido non ser lectivos os días 3-4 (sábado e domingo).

Nese mes de Xullo, o Equipo Directivo, elaborou unha previsión de matrícula e de optativas para poder formalizar os grupos no mes de setembro e facer as peticións de profesorado, neste eido a Xefatura de Estudos colaborou nesta faceta.

INICIO DO CURSO

O inicio do curso deixou varios incidentes protagonizados por alumnos da instaurada FP Básica de Agroxardinería. Neste caso, o traballo desempeñado pola X.E. foi inxente e activo. Tres dos dez alumnos que se matricularon na citada FP foron expeditados cas medidas de corrección oportunas, ademais de elaborar partes de expulsión de un a tres días, tendo en conta a gravidade dos feitos. Na primeira avaliación fíxose unha labor de control do grupo, ata que os tres alumnos máis conflictivos decidiron darse de baixa no mes de Xaneiro.

Neste inicio de curso, salientamos a reunión que tivemos cos pais para deixar ben explicados as cuestións relativas ao curso, sobre todo co alumnado de 1ºESO, xa que é o grupo que chega novo o centro. Deuse unha explicación exhaustiva da incorporación ao proxecto EDIXGAL.

PLAN DE MELLORA

A Xefatura de Estudos, púxose como un dos principais obxectivos, cumprir co Plan de Mellora do curso, e para tentar lograr o propósito elaborou tres estratexias moi básicas:

-Información ás Titorías do citado Plan.

-Información aos pais por medio da web onde aparecían as Miniprogramacións de Curso, de cada Departamento, onde se recollen, procedementos e criterios de avaliación. Elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión.

-Redución da conflictividade nas aulas.

As titorías foron sen dúbida, as máis aleccionadas de como obrar nas aulas, poñendo o fincapé nos cursos baixos, para que establecesen ao longo do curso un clima de traballo e existencia dos seus alumnos. Dende o primeiro momento quixemos destacar a importancia de estar moi atentos a este alumnado pois son o presente e futuro do noso centro e interéstanos moito que aprendan cales son os comportamentos axeitados.

En canto a exposición das miniprogramacións, pretendemos que as familias sexan coñecedoras dos mínimos para que os seus fillos poidan superar as materias. É unha opción irrenunciable, da que estamos orgullosos e que continuaremos levando a cabo este ano. Ao mesmo tempo a elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión foi un arma chave para que o alumnado soubese en todo momento o día das súas probas, tentando que houbera unha posterior organización e planificación.

Como novidade deste ano, a Xefatura de Estudos, estableceu a SEMANA DE EXAMES, en Primeiro e Segundo de Bacharelato, que consistiu nese seguinte: os alumnos destes grupos, na última semana da súa primeira e segunda avaliación contaron con 5 días adicados exclusivamente a elaboración de exames, cunha suspensión das clases durante ese período. O obxectivo desta medida foi evitar que os alumnos faltasen ás clases cando tiñan exames, como viñan facendo ata o dagora, e sobre todo facer un simulacro de que sería unha potencial proba da ABAU. De todos modos, debemos pór en coñecemento, por medio do presente informe, que a medida tivo un bo éxito en 2ºBACH, e non así en 1ºBACH, onde o alumnado molestou de forma reiterada nos corredores e fóra das aulas, cando non tiñan que facer algunha proba. Esta iniciativa buscaba que existise un maior aproveitamento do tempo para estudar e preparar as probas. Como nova proposta creuse a SEMANA DE EXAMES DE PENDENTES, coa firme idea de mantela nos vindeiros cursos. Este ano foi do luns 7 de Maio a o venres 11 de Maio (inclusive). Deste modo os alumnos que non recuperen a materia pendente de forma ordinaria ao longo das dúas primeiras avaliacións terá a p Este ano, a nivel xeral, podemos destacar a relativa baixa conflictividade que se rexistrou no centro, no apartado de PLAN DE CONVIVENCIA, profundizaremos neste aspecto.

PLAN DE CONVIVENCIA MEDIDAS CORRECTORAS

Se analizamos fríamente os datos, debemos pór en valor a redución da conflictividade dende o primeiro trimestre ao terceiro. Co medida básica correctora utilizouse un ano máis a denominada AULA DE DIVERSIDADE (AULA 13), por medio da cal, os profesores teñen un primeiro instrumento para mellorar o clima en convivencia da aula. Esta medida consiste no envío á citada aula ao alumnado que ten comportamento disruptivo. Estes datos que presentamos a continuación avalan o dito anteriormente, unha redución da conflictividade.

1ª AVALIACIÓN: 60 Expulsións AULA 13.

2ª AVALIACIÓN: 28 Expulsións AULA 13.

3ª AVALIACIÓN: 20 Expulsións AULA 13.

CAUSAS:

- A merma de efectivos da FPB, axudou a reducir o número.

-A inmediatez da información por parte da Administración do Centro ao comunicar por vía telefónica ás familias, o feito acontecido.

APERTURA DE EXPEDIENTES, EXPULSIÓN E PROTOCOLOS

No devenir do curso abríronse tres expedientes disciplinarios aos seguintes alumnos, todos entre os meses de outubro e decembro de 2017:

Alberto Rey Couceiro. Resolveuse cun mes de prohibición de asistir ao centro

Mireia Castiñeira González. Resolveuse con cinco días de prohibición de asistir ao centro.

David Caamaño Vázquez. Resolveuse cun mes de prohibición de asistir ao centro.

En canto as EXPULSIÓN o centro fixo efectivas, dez expulsións que foron do mínimo (1 día) ao máximo (3 días), dentro do amparo da lei.

No apartado de PROTOCOLOS, abríronse dous de ACOSO, que tiveron un fallo negativo. Iniciouse un PROTOCOLO de ABSENTISMO, que finalmente non se abriu, porque as familias atenderon ás primeiras entrevistas e deste modo non se continuou co proceso.

Dende a Xefatura leváronse distintas medidas correctoras de autoxestión no centro que evitaron ter que levantar novos expedientes:

SUPRESIÓN DO DEREITO A ENTRAR NO PAVILLON
TRABALLOS DE COLABORACIÓN NA BIBLIOTECA DURANTE OS RECREOS
PERMANECER EN XEFATURA DE ESTUDOS NOS RECREOS

Moitas das medidas que propuxemos dende a Xefatura de Estudos, tiveron dous obxectivos básicos:

- PROPORCIONALIDADE
- RECONDUCCIÓN

Dende aquí quero agradecer o traballo dos titores que serviron como DIQUE DE CONTENCIÓN, ante o aluvi3n de protestas, demandas, queixas...que chegaban nos primeiros meses ao meu despacho. Agora son conscientes de que teñen que respectar os protocolos de actuaci3n, e que os profesores de aula e os respectivos titores deben ser os primeiros sabedores das incidencias.

Deste modo, deixar claro que as iniciativas foron reducindo a conflictividade do curso de forma xeral.